

**ACORDOS**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 5 DE MAIO DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13.00 horas, do día cinco de maio de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1. APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.'INTERIORES EN BARRAL (VILADOABADE) E OUTROS' E 'SOBREANCHOS CAMIÑO DA Balsa-ABOI E OUTROS'.-
2. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE.-
3. ACORDO DE ADHESIÓN E DESIGNACIÓN DA REPRESENTACIÓN POLÍTICA E TÉCNICA QUE PARTICIPARÁ NA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-
4. PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLO DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANO 2016.-
5. INICIAR EXPEDIENTE PARA ADHERIRSE AO SISTEMA NACIONAL DE PUBLICIDAD DE SUBVENCIÓNS.-
6. ESCRITOS VARIOS.-
7. APROBACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO CAMIÑO DE ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ A AMBROA E OUTROS - CAMIÑO DE REGUEIRO A PAINZA (NUMIDE).PLAN MARCO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.-
8. ROGOS E PREGUNTAS.-

**1. APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.'INTERIORES EN BARRAL (VILADOABADE) E OUTROS' E 'SOBREANCHOS CAMIÑO DA Balsa-ABOI E OUTROS'.-**

- É vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación nº 2 y Final do Plan Obras e Servizos 2015,sendo a obra " Interiores en Barral (Viladoabade) e Outros", por importe de 14.447,51-€, emitida polo técnico director don J. C. R. M., sendo adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L..

- É vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción , a certificación nº 1 do plan Convenio Deputación - Concello, sendo a obra "Sobreanchos Camiño da Balsa - Aboi e

outros", por importe de 53.420,85 €, emitida polo técnico director don J. C. R. M., sendo adxudicataria Obras y Viales de Galicia,S.L..

## **2. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE.-**

Acordos adoptados:

1º Solicitar unha axuda a Consellería de Política Social para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito de educación non formal por un importe de 3000,00€, ao abeiro da orde do 21 de abril de 2016.

2º Aprobar o proxecto denominado Información xuvenil 2016 por un importe de 289 18,74 €.

3º Nomear a don Antonio Pereiro Liñares como representante para todas as xestións relacionadas con este expediente.

4º Neste entidade existe crédito suficiente e adecuado para facerlle fronte á parte do financiamento que debe asumir o concello do proxecto denominado Información xuvenil 2016.

5º O 14 . 10 . 2015 este concello remitiu as contas do último exercicio orzamentario ao Consello de Cantas .

6º Declarase que o concello non ten solicitadas nin concedidas outras axudas para esta finalidade.

7º Declarase que o concello esta ao día nas súas abrigas tributarias, fronte a Seguridade Social e non ten débedas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

## **3. ACORDO DE ADHESIÓN E DESIGNACIÓN DA REPRESENTACIÓN POLÍTICA E TÉCNICA QUE PARTICIPARÁ NA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-**

Acordos adoptados:

1. Nomear en representación política:

Titular: don Antonio Pereiro Liñares, Alcalde do Concello de Tordoia

Suplente: Dona Inés Santos Pereiro, Teniente alcalde do Concello de Tordoia

2. Nomear en representación Técnica:

Titular: Dona Pilar Patricia Liñares Muiño, responsable técnico como interlocutor da entidade ante a rede.

Suplente: dona M<sup>a</sup> Isabel Mosquera Suárez, responsable técnico como interlocutor da entidade ante a rede.

## **4. PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLO DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANO 2016.-**

Acordos adoptados:

1º Que coñece e acepta as bases da convocatoria e as abrigas e os compromisos que nela se inclúen.

2º Adherirse ao Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña para o 2016, de acordo coas contías nel establecidas.

3º Facultar expresamente ao Alcalde ou representante do concello para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º Dar conta ao próximo pleno.

## **5. INICIAR EXPEDIENTE PARA ADHERIRSE AO SISTEMA NACIONAL DE PUBLICIDAD DE SUBVENCIONS.-**

Acordos adoptados:

Iniciar o expediente para adherirse ao Sistema Nacional de Publicidad de Subvencions.

## **6. ESCRITOS VARIOS.-**

- Recíbese escrito de don M.S.G., con domicilio na parroquia de Viladoabade deste termino municipal, solicitando que se proceda a limpeza ou ben á apertura de cunetas pola pista de concentración que linda coa súa finca sita na Vimieira, e que se evite que se asolague de auga.

Visto o escrito a Xunta de Goberno Local dase por enterada.

- Recíbese escrito de don M.A.R., con domicilio no lugar de Vilartarreo parroquia de Gorgullos, presenta un escrito nos seguintes termos: "Son propietario da finca XXX do polígono 2 da concentración de Gorgullos. A parcela linda polo leste con Ordes. Os da concentración de Parada puxeron marcos invadindo terreo de Gorgullos". Solicítase a intervención do Concello por tratarse do límite municipal con Ordes "Xúntase escritura de propiedade da finca a nome de D. J.A.B. e Dª J.R.G., pais do solicitante.

Visto o escrito e informe técnico a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- Requirir ao organismo que está a realizar o proceso de concentración parcelaria de Parada xa que non ten competencias para a modificación dos límites municipais.

## **7. APROBACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO CAMIÑO DE ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ A AMBROA E OUTROS - CAMIÑO DE REGUEIRO A PAINZA (NUMIDE). PLAN MARCO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.-**

Acordos adoptados:

1º Aprobar o proxecto denominado camiño de estrada da Silva - Anxeriz a Ambroa e outros - camiño de Regueiro a Painza (numide por un importe de 17.438,73 euros, e remitir o mesmo para o expediente PM16-0304302A-0241 do procedemento Plan Marco de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016 .

#### **8. ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.